

Nese constante péndulo de estilos que fai que os gustos plásticos se alternen entre sinxeleza e voluptuosidade, non son alleas as preferencias do público comprador. Que un período “rico” dure máis ou dure menos depende, con frecuencia, da capacidade económica dos clientes. Así, o barroco –iniciado a finais do século XVI– alongou a súa vida deica á chegada do neoclasicismo, unha vez as formas artísticas acadaron complicacións fóra de medida (rococó, coñecido entre nós como churrigueresco).

Un estilo, o barroco, contemporáneo da plenitude das monarquías absolutas e do racionalismo e que, sen embargo, acadou á eclosión ilustrada e científica do setecentos. Cómpre unha reflexión ao fío de dúas exposicións que o Museo do Louvre vén de presentar: *O xesto barroco*, sobre as coleccións de Salzburgo, e *Un sueco no París do XVIII*, arredor da colección de Carl Gustaf Tessin, embaixador do



Á esquerda: *Libertinos* (1736) de W. Hogerth. Á dereita: Johnny Deep como o conde de Rochester.

reino de Suecia en Francia e gran comprador de obras antigas e do seu tempo.

Estas exposicións mostraron e demostraron que o barroco, foi, efectivamente, un estilo de excesos tanto nas obras de temática relixiosa (nunca houbo tantos anxos nin tanto sangue de mártir) como nas mostras máis “artísticas” e cotiás, proclives –como nunca antes– aos nus en pintura ou ás tramas abertamente procaces en literatura. O chamado “Século das Lu-

ces” foi o tempo da primeira literatura erótica, unha vez perdida a festa carnavalesca medieval (aínda viva ben entrado o século XVI). Malia a persecución que padeceron os escritores licenciosos daquel tempo, co barroco apareceron os primeiros libertinos, subvertidores da moral baseada na lei natural e con frecuencia vinculados a unha aristocracia ociosa e sen sentido (John Wilmot, conde de Rochester; Naudé, Saint-Amant, Viau).



Tempo de libertinos


Arte en expansión e desenfreo

JOAQUIM VENTURA

Pero foi coa chegada da ilustración cando triunfaron socialmente aqueles que aspiraban á condición de persoas libres de corpo e de mente. Foron eles os que condicionaron toda expresión artística posterior (Talleyrand, Casanova, Sade, Choderlos de Laclos, el Abbé Prevost, Denon), alternativa paralela ao galantismo extremo e oficial dos Fragonard e Boucher. Con todo, tales manifestacións públicas non serían moi diferentes das que se practicaban na corte, comezando polos monarcas Luís XVI e María Antonieta (sospeitosa de ser bisexual). Dalgunha maneira, era a traca final dun Antigo Réxime a piques de morrer.

Coa Revolución e a hexemonía burguesa houbo un “appel à l’ordre” baseado nun novo puritanismo, esta vez non relixioso senón cívico, que nas artes callou no Romanticismo, dominador de boa parte do século XIX. Na conseguinte oscilación, o simbolismo supuxo unha válvula de escape para unhas sociedades cansadas de traballar (uns) e de gañar diñeiro ordenadamente (outros): a bohemía, os estupefacientes, o sexo como representación pictórica (aínda que fose de maneira púdica, como a dos prerafaelitas) que culminou coa hipocrísia das sociedades europeas da Belle Époque: un formalismo que agochaba patoloxías e aberracións, como ben estudou Freud na Viena do seu tempo.

Fotograma de *As amigas perigosas* (1989).



*O “século das luces”
foi a xeira dunha
decidida literatura
de carácter erótico*

A derradeira onda de libertinaxe de expresión artística chegou da man do dualismo de posguerra entre unhas burguesías vencedoras e unhas clases populares depauperadas, especialmente na Alemaña derrotada. Son os anos dos cabarés, do humorismo procaz, da eclosión pública da homosexualidade, expresión desesperada dunhas sociedades desarticuladas. Coa Segunda Guerra Mundial e a reconstrución posterior, o estado do benestar axudou á paz social e á chegada da revolución sexual que deixaba, como anécdota, o que foi a libertinaxe social e artística. Incluso o mundo cada vez menos marxinal da pornografía (expandida grazas aos medios audiovisuais) desapareceu como fenómeno transgresor e marxinal coa chegada da informática doméstica.

Ben lonxe estamos en España –non digamos xa en Galiza, con Castelao alporizado polos nus de París– de poder ter un elenco artístico libertino como o francés, o británico ou o alemán. Ausente calquera burguesía ou aristocracia que non excedese o adulterio clandestino, un cadro como a *Maja espida*, de Goya, era un divertimento privado de Godoy. Cando pasou a dominio público estivo nunha sala reservada da Academia de San Fernando e só a partir de 1901 foi que se exhibiu libremente no Prado.

Temos que procurar no limitado simbolismo español para atopar algo semellante a obras libertinas: algunhas do catalán nacido en Cuba Federico Beltran Masses ou á carpe-

Cativos de nós

ta *Portfolio del desnudo* do editor Sopena (sen entrar agora na teima, polo visto, de Afonso XIII por certas películas sicalípticas). Ou os límites e mais os excesos dunha parte da burguesía

barcelonesa nos anos da República narrados por Josep Ma de Sagarra na novela *Vida privada*.

Non foi ata os anos que anunciaban a Transición cando apareceron as primeiras manifestacións artísticas de libertinaxe grazas a películas como *Tamaño natural* ou á sátira contida en *La escopeta nacional*, de Berlanga, ou ao que era tido como tal na eclosión liberadora da Barcelona dos 70 (Ocaña, Nazario) ou do epicureísmo dandi do poeta madrileño Luís Antonio de Villena.